

Caderno de todos

O APALPADOR



QUEN É?

O apalpador é un personaxe mítico do Nadal galego, que desde hai uns anos está sendo recuperado por distintas asociación e centros sociais por toda Galiza.

COMO É?

Un vello gigantón, apacible e barbado que se adica a fabricar carbón. Usa boina e casaca e pantalóns esfarrapados e cheos de remendos; fuma en pipa e aliméntase de baías salvaxes e dos xabaríns que caza.

QUE FAI?

Na noite de Nadal baixa das montañas para visitar ós nenos e nenas que están durmidos. Entón apálpalles a barriga para ver se están fartiños ou se pasan fame. No primeiro caso dilles “Así, así pases todo o ano” e déixalles unha presa de castañas. Se teñen fame non di nada pero déixalles unhas castañas igual.

ONDE VIVE?

Conta a lenda que nas devesas das montañas de Lugo e de Ourense, onde tamén se lle chama Pandigueiro

PARA ENREDAR ...

<http://www.apalpador.com/>

<http://www.apalpador.com/apalpador.pdf>

<http://issuu.com/ratomik/docs/ciclo1apalpador>

Caderno de actividades para infantil e primeiro ciclo do CEIP Mestres Goldar de Vigo

<http://issuu.com/ratomik/docs/questoapalpador>

Caderno de traballo para primaria do CEIP Mestres Goldar de Vigo

<http://www.serradocourel.es/>

<http://www.lapaginadelcaurel.es/diccionario.htm#d>

PARA COLOREAR



CANTIGA DO APALPADOR

*Vaite logo meu ninín,
marcha agora prá camiña
que vai vir o Apalpador
a palparche a barriguiña.*

*Xa chegou o día grande,
día do noso Señor.
Xa chegou o día grande,
e virá o Apalpador.*

*Mañá é día de cachela,
que haberá gran nevarada.
e ha vir o Apalpador
cunha mega de castañas.*

*Alá por aquela cemba
mira xa ven relumbrando
o señor Apalpador
para darvos o aguinaldo.*

Cantiga que as nais e pais lle cantaban ás nenas e nenos para que a noite na que vén o apalpador non teñan medo.

Lembrada por Amadora de Galego, labrega de 79 anos en Romeor do Courel e recollida por José André López González.

CACHELA : Lume. Plancha furada para asar as castañas

MEGA : Cesta para apañar castañas e outros froitos secos

CEMBA : Parte elevada dunha montaña ou camiño